

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

CREACIÓN, MANTEMENTO E XESTIÓN DA RED DE MENTORES BIO PARA O PROXECTO BIOINCUBATECH

BioIncubaTech – Incubadora de Alta Tecnoloxía para o fomento da innovación e transferencia de biotecnoloxía no ámbito da saúde e as tecnoloxías alimentarias ás micropemes” é unha operación co-financiada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional – FEDER dentro do Programa Operativo Plurirrexional de España FEDER 2014–2020 PO Proxecto "Incubadoras de alta tecnoloxía para o fomento da innovación e a transferencia da tecnoloxía ás micropemes"

UNHA MANEIRA DE FACER EUROPA

1. OBXECTO DO CONTRATO

Constitución, posta en marcha e mantemento da Rede de mentores BIO do proxecto. Desenvolverase un sistema de mentorización de empresas dende unha óptica biotecnolóxica. Trátase de seleccionar mentores, persoas cunha ampla bagaxe empresarial, que transmitan a súa experiencia aos proxectos participantes en Bioincubatech. Serán persoas pertencentes ao mundo da empresa ou da ciencia, relacionadas co sector biotecnolóxico e de recoñecida traxectoria. A mentoría terá lugar durante un período de seis meses.

2.- TAREFAS A DESENVOLVER

- Base de datos, na que se recolla a Rede de persoas expertas en mentorización postas pola empresa adxudicataria a disposición do proxecto indicando, entre outros datos, os sectores ou sub- sectores nos que o mentor teña experiencia. Tamén se poderán seleccionar perfís das bases de datos actuais da USC : Madrinanet 8.3(<http://innovatia83.es/amadrinamiento>) e mentoring USC(<http://www.usc.es/gl/proxectos/mentoring/>).
- Lanzamento dunha convocatoria aberta para formar parte da rede de mentorización de Bioincubatech.
- Perfís de interese, que poderán formar parte dos proxectos e/ou empresas que sexan usuarias de Bioincubatech, nas diferentes fases de creación e consolidación, dependerán das necesidades das empresas seleccionadas polo proxecto Bioincubatech. En xeral, buscaranse persoas que procedan do mundo da empresa ou do mundo científico, con máis de 10 anos de experiencia, que conten con coñecementos e vivencias no mundo da biotecnoloxía e con interese en transmitilos aos emprendedores.

- Encaixe entre mentores e persoas mentorizadas (mínimo unha convocatorias e doce proxectos apoiados por cada convocatoria). O adxudicatario, en colaboración co persoal técnico do proxecto, avaliará as necesidades de cada proxecto empresarial para asignarlle o mentor que, pola súa experiencia e coñecemento, mais poida aportar ao proxecto.
- Análise de forma individualizada das necesidades concretas da empresa á hora de incorporar á persoa mentora que apoie e axude no desenvolvemento e consolidación da empresa. Partindo tamén, das necesidades transmitidas pola coordinación do proxecto.
- Áreas con demanda de mentorización: coñecementos do sector biotecnolóxico, marketing, vendas, exportacións, xerencia, finanzas, contabilidade, administración, estratexia, produción e distribución, recursos humanos, aspectos regulatorios, tecnoloxía, liderazgo, xestión de equipos, manexo de conflitos, contactos de interese nacionais ou internacionais, internacionalización, etc...
- Coordinación da Rede de mentorización sempre baixo supervisión do equipo técnico do proxecto Bioincubatech.
- Retribución ou recoñecemento se procede aos mentores seleccionados polo súa aportación á empresa.

3. DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO:

UNINOVA supervisará a execución dos traballos, comprobando que a realización dos mesmos se axusta ao establecido non presente prego, e cursará as ordes e instrucións que estime oportunas.

4. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO PROXECTO

Uninova designará unha persoa de contacto para o proxecto que exercerá como representante da mesma e actuará como interlocutor e responsable do proxecto co adxudicatario.

Pola súa parte, o adxudicatario propondrá un equipo de traballo formado por persoas con perfís adaptados ás tarefas a desenvolver (especificadas neste prego).

5. PRAZOS

O prazo para a realización do traballo será todo o ano 2021, ata 31/12/2021.

6. ORZAMENTO

O orzamento máximo para levar a cabo estes traballos é de 24.000 **euros, IVE non engadido** distribuído en dous pagamentos ao longo do exercicio 2021, en función do grado de avance do proxecto.

7. PROPIEDAD INTELECTUAL

O adxudicatario acepta expresamente que todos os documentos e resultados dos traballos realizados e a súa propiedade intelectual son propiedade de Uninova (proxecto Bioincubatech). Así mesmo, o adxudicatario renuncia a calquera dereito sobre estes conceptos e unicamente poderá facer uso deles como referencia para futuros traballos de idéntica natureza.

Santiago de Compostela, 04 de novembro de 2020

O Conselleiro Delegado
D. Vicente Pérez Muñuzuri